

**MÁIS PORVIR XESTIÓN SOCIAL, S.L.U.**, é un centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social, orientado a prestación de servizos. Co obxectivo de mellorar a calidade nas diferentes actividades que desenvolve e promove un maior compromiso coa excelencia e a mellora continua do servizo ofrecido, a empresa asume o compromiso de manter e fortalecer o seu Sistema de Xestión da Calidade, conforme aos requisitos establecidos na Norma **UNE-EN-ISO 9001:2015**. Neste sentido, establece os seguintes compromisos:

- Practicar unha cultura pro-activa de prevención, avaliación do desempeño e de mellora, en función das posibilidades reais da empresa.
- Levar a cabo servizos de calidade buscando a confianza e satisfacción dos clientes e das outras partes interesadas.
- Analizar o noso contexto e os requisitos das partes interesadas para determinar os riscos e oportunidades.
- Dispoñer de servizos que correspondan cos requisitos establecidos polos clientes.
- Asegurar que os nosos servizos son oportunos e cumpren coas leis e requisitos aplicables, así como cumprir a lexislación e regulamentación aplicable á actividade económica.
- Ter un enfoque sistemático orientado a procesos e a consecución dos obxectivos da empresa.
- Facilitar e promover a inclusión das persoas con diversidade funcional no mercado laboral a través da nosa empresa.
- Establecer programas de formación continua que permitan ter un persoal cun nivel adecuado, buscando a motivación e a satisfacción de todas as persoas traballadoras, así como para garantir un servizo final correcto e de calidade segundo as expectativas de cada cliente.
- Manter a prestación dos nosos servizos con altos estándares de calidade, apoiados na innovación e na mellora continua; é vital potenciar e estreitar as relacións cos nosos clientes e provedores.
- Manter a confidencialidade no manexo e arquivo de datos relacionados cos clientes e provedores e demais partes interesadas.
- Manter o liderado baixo o marco legal vixente en cada momento, coa máxima implicación da xerencia e de todas as persoas traballadoras para a consecución dos obxectivos, política, misión e accións que están reflexados no Sistema de Xestión de Calidade.
- Asume un firme compromiso co cambio climático e a protección do medio ambiente, adoptando medidas de eficiencia enerxética, redución de residuos e uso de fontes de enerxía renovables. A empresa fomenta prácticas sostibles, sensibiliza ás súas persoas traballadoras sobre a importancia da sustentabilidade e o impacto ambiental.

A xerencia tamén se compromete a establecer os plans necesarios e a proporcionar os recursos adecuados, dentro da súa Política Xeral, para acadar os obxectivos definidos. Estes obxectivos serán revisados e actualizados anualmente, tendo en conta as necesidades cambiantes da empresa en cada momento.

É responsabilidade de toda a organización de **MÁIS PORVIR XESTIÓN SOCIAL, S.L.U.** garantir o cumprimento do establecido no Sistema de Xestión da Calidade. En particular, as persoas encargadas de realizar as actividades comprendidas no sistema serán as responsables principais de asegurar que se leven a cabo de acordo cos estándares e directrices establecidos.